



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2024**

**ASISTENTES**

**ALCALDE**

Ana M<sup>a</sup> López Fernández

**CONCELLEIROS/AS  
GRUPO P.P**

Laura García Ruíz  
Alberto Balado Ramonde

**GRUPO PSGA-PSOE**  
José M. Alonso Pumar  
Jonathan I. Miranda Lucas

**GRUPO BNG:**  
Carlos Castro Durán  
Pablo Fraguela Casás  
Nuria Oliveira Álvarez

**AUSENTES**  
Miguel A. Pérez Fraguela  
Miriam Rodríguez Fernández  
Carmen del Río Fraguela

**SECRETARIA:**  
Alejandra Pardo Vázquez

**INTERVENTORA:**  
Ausente

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día vinte e oito de novembro de dous mil vinte e catro, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana M<sup>a</sup> López Fernández. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.



**CONCELLO  
DE CARIÑO**



**ORDE DO DIA:**

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:  
26/09/2024.**

**2°.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA  
SESIÓN ORDINARIA: DO 381/2024, DE 20/09/2024 ATA O 496/2024 DE 25/11/2024**

**3°.- MOCIÓNS**

**4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA COMO CONCELEIRA DE  
CARMEN DEL RIO FRAGUELA (EXPTE 2024/X006/000103)**

**5°.- ROGOS E PREGUNTAS**

.....  
**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:  
26/09/2024**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión de 20/09/2024 enviadas a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Carlos Castro comenta que existe un erro na acta anterior, xa que nos asistentes faise referencia á presenza como secretaria de Alejandra Pardo Vázquez, cando a secretaria nese Pleno era a accidental M<sup>a</sup> Dolores Crego López.

Coa corrección anterior, a acta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes na mesma.

**2°.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA  
SESIÓN ORDINARIA: DO 381/2024, DE 20/09/2024 ATA O 496/2024 DE 25/11/2024**

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia.



**CONCELLO  
DE CARIÑO**



### 3º.- MOCIÓNS

#### 3.1.- MOCION PRESENTADA POLO BNG EN DATA 15/11/2024 (REXISTRO 837/2024): SITUACIÓN DO IDIOMA PROPIO DA GALIZA E Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A SÚA NORMALIZACIÓN (EXPDTE 2024/X006/000108)

O Concelleiro Carlos Castro da lectura á moción presentada para o seu debate no Pleno de hoxe que se transcribe a continuación:

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: Os recentes datos feitos públicos polo Instituto Galego de Estatística sobre coñecemento e uso do idioma galego constatan a situación crítica que está a atravesar a nosa lingua. Esta situación que podemos cualificar de emerxencia, é a consecuencia dunha política lingüística discriminatoria e excluínate aplicada nos últimos quince anos de goberno do Partido Popular na Xunta da Galiza. Neste período prohibiuse a impartición en galego de varias materias no sistema educativo (caso único en Europa), eliminouse practicamente o acceso das crianzas á lectoescritura en galego na rede de escolas infantís, mudouse a lei da función pública para que o funcionariado non teña por que ter coñecemento do galego para atender ás persoas, ou desapareceu a oferta da programación infantil ampla e actualizada na TVG, entre outras moitas medidas contra o galego na administración, na xustiza, no audiovisual e medios de comunicación, ou nas actividades comerciais e económicas. As consecuencias están á vista. O galego non só descende bruscamente no uso habitual, perdendo a súa condición de lingua máis falada na Galiza, senón que mesmo se descoñece nas franxas de idade máis novas: o 32,4% das nenas e nenos entre 5 e 14 anos non son quen de se expresar en galego. Poden entendela, mais non falalo aínda que queiran, porque non o dominan. Este é o resultado práctico desas políticas. Así, o Consello de Europa ou a propia ONU teñen dirixido advertencias á Xunta de Galiza para mudar a actitude sobre o galego. Consideramos, por suposto, que esta situación do noso idioma é reversíbel. O galego ten futuro se o compromiso coa normalización do noso idioma é real e asumido por toda a sociedade, comezando polas institucións galegas. O futuro do galego depende da nosa vontade colectiva como galegos e galegas. É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:*

1. Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.

2. O concello revisará a súa actuación en materia lingüística e a adaptará ao previsto legalmente, tendo en conta a súa condición de “lingua propia de Galiza” (Estatuto de Autonomía, artigo 5), e o establecido nos preceptos aprobados por unanimidade das forzas políticas: Lei de Normalización Lingüística (1983), e Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004).



3. O pleno do concello acorda adherirse á Plataforma Queremos Galego, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada. En coherencia con esa decisión. O Concello apoiará activamente as iniciativas sociais promovidas desde esta Plataforma.

4. Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego.

Toma a palabra a Alcaldesa, di que están de acordo coa moción, e fai constar que no Concello se está a utilizar o galego tanto nos actos como na elaboración dos carteis.

José M. Alonso cita o artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia no que se indica que a lingua propia de Galicia é o galego, e que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecerlos e usalos. Tamén indica que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa, e, diporarán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Engade que se a lingua de Galicia é o galego hai que fomentar e defender a lingua de Galicia.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros,

#### **ACORDA:**

1. Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.

2. O concello revisará a súa actuación en materia lingüística e a adaptará ao previsto legalmente, tendo en conta a súa condición de “lingua propia de Galiza” (Estatuto de Autonomía, artigo 5), e o establecido nos preceptos aprobados por unanimidade das forzas políticas: Lei de Normalización Lingüística (1983), e Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004).

3. O pleno do concello acorda adherirse á Plataforma Queremos Galego, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos



**CONCELLO  
DE CARIÑO**



*pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada. En coherencia con esa decisión. O Concello apoiará activamente as iniciativas socias promovidas desde esta Plataforma.*

4. Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego.

**3.2.- MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN DATA 18/11/2024 (REXISTRO 847/2024): CONVOCATORIA DE AXUDAS DO CONCELLO DE CARIÑO (EXPDTE 2024/X006/000109)**

Presenta a moción José M. Alonso, e transcríbese a continuación:

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS* Nos últimos anos, o Concello de Cariño convocaba, entre outras, dúas liñas de axuda:

- Axudas para sufragar as actividades culturais, educativas e deportivas, dirixidas ao alumnado dende educación infantil ata o bacharelato, cun orzamento de 8.000€ anuais.

- Subvencións para entidades sen fin de lucro do Concello de Cariño, cun orzamento anual de 18.000€.

No ano 2023, o novo equipo de goberno do Partido Popular non convocou ningunha das dúas axudas. O Grupo Municipal Socialista solicitou en varias ocasións no Pleno municipal a convocatoria das mesmas, xa que existe consignación presupuestaria no orzamento municipal. O pasado venres 15 de novembro, publícase no BOP a convocatoria de “subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do Concello de Cariño ano 2024”. As axudas cubren os gastos das asociacións entre xaneiro de 2023 e outubro de 2024, pero o orzamento é o correspondente a só un ano: 18.000€. Na data de redacción desta moción, aínda non se convocou a liña de axudas para as actividades. Por todo exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Cariño, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º.- Sobre as “subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do Concello de Cariño ano 2024”:



- O incremento da dotación presupuestaria a 36.000€, cantidade que correspondería ao importe das axudas de 2023 e 2024.

- O incremento do importe máximo da axuda a 3.000€, cantidade correspondente aos anos 2023 e 2024.

2º.- A convocatoria por parte do goberno municipal das “axudas para sufragar as actividades culturais, educativas e deportivas”, que contan con consignación presupuestaria de 8.000€ na partida 326.48000.

José M. Alonso fai referencia a que as axudas para sufragar actividades culturais, educativas e deportivas, que non se sacaron polo Concello este ano, que permiten que rapaces con poucos recursos, poidan acudir a estas actividades, e que se trata de un tema con unha certa sensibilidade.

A Alcaldesa di que cada ano, nos orzamentos, os 18.000 euros que van asignados a un ano. Que estivo mirando as convocatorias de outros anos, e que moitas das asociacións non chegaban a xustificar os 1.500 euros. E que considerando isto, se modificaron as bases, incluíndo os gastos tamén do ano anterior, para que non quedaran descubertos os últimos tres meses do ano. Engade que isto se fai en moitas Administracións, xa que hai que cubrir os doce meses do ano.

Con respecto ás becas, indica que esas axudas están cubertas polos servizos sociais, para nenos e familias que están en situación precaria.

José M. Alonso pregunta que se non se sacaron esas axudas, como se prestan.

A Alcaldesa insiste en que se fai dende os servizos sociais.

José M. Alonso dille que son cousas diferentes, que unha cousa é a emerxencia social e outra cousa distinta este tipo de axudas. Pregúntalle á Alcaldesa se consta no expediente informe favorable da Intervención municipal para pagar este ano facturas do ano 2023, e Ana M<sup>a</sup> López resposta que sí.

Pregunta Carlos Castro se unha asociación que cobraba 1.500 euros, se vai a cobrar os 3.000 euros.



**CONCELLO  
DE CARIÑO**



Ana M<sup>a</sup> López resposta que non , que ningunha asociación chegou a cobrar 1.500 euros , que foi o que lle dixeron dende Intervención.

Jonathan Miranda comenta que tal e como están as bases, que non se pode pedir por 2.500 euros.

José M. Alonso di que as bases se poden modificar para adaptalas.

Ana M<sup>a</sup> López di que se se modifican, que se deixa sen pagar os servizos sociais.

José M. Alonso dille que esa cantidade a pode sacar do remanente, xa que o remanente é o que sobra, o superávit que ten o Concello.

A Alcaldesa dille que ese remanente que non se pode usar.

José M Alonso comenta que o Alcalde de Ortigueira que acaba de reincorporar o remanente. A continuación o portavoz do grupo socialista explica, en números, cal é o remanente do Concello de Cariño, indicando que esta semana se levou a Comisión informativa a conta xeral do exercicio 2023. Explica que se non da tempo a aprobar a conta xeral este ano, que o Concello non poderá optar a subvencións.

A Alcaldesa indícalle que eses cartos non se poden mover tan facilmente.

José M. Alonso insiste en que hai que facer unha incorporación de remanentes, soamente iso.

A Alcaldesa di que hai remanente, pero que non da para todo.

José M. Alonso dille que ten que ir á Xunta de Galicia.

A Alcaldesa di que están facendo un esforzo enorme para ter aos maiores atendidos.

José M. Alonso dille que tamén é importante ter aos nenos atendidos.



Ana Mª López insiste en que se pode acudir aos servizos sociais.

José M. Alonso di que eses rapaces non teñen porque deixar de ir a unha escola particular.

Jonathan Miranda comenta que se este ano non vai a sacar as becas, que ten 8.000 euros nesa partida para mover para as asociacións, e que o pode facer por Decreto.

Carlos Castro explica que este tipo de asociacións que precisan das subvencións para ter solvencia a finais de ano, e que o feito de non sacalas no seu momento que se trata dunha negligencia por parte do equipo de goberno, e que o pagan as propias asociacións. E que iso supón que as asociacións poden ter un trato desigual, ao existir dúas subvencións nominativas a dúas asociacións, que sí se conceden todos os anos.

Ana Mª López comenta que hai asociacións que non xustificaron o gasto.

José M. Alonso explica que é certo que houbo anos que baixou a solicitude de subvencións pero porque houbo unha pandemia polo medio, onde a situación era limitada, e moitas asociacións deixaron de facer actividades porque había que facer unhas protocolos de certo risco, e que por iso puideron xustificar menos axudas.

O Pleno corporativo, por cinco votos favorables dos grupos municipais do PSdeGa e BNG, e tres abstencións do grupo municipal do Partido Popular, ACORDA:

1º.- Sobre as “subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do Concello de Cariño ano 2024”:

- O incremento da dotación presupuestaria a 36.000€, cantidade que correspondería ao importe das axudas de 2023 e 2024.

- O incremento do importe máximo da axuda a 3.000€, cantidade correspondente aos anos 2023 e 2024.

2º.- A convocatoria por parte do goberno municipal das “axudas para sufragar as actividades culturais, educativas e deportivas”, que contan con consignación presupuestaria de 8.000€ na partida 326.48000.



### **3.3.- MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN DATA 24/11/2024 (REXISTRO 867/2024): A DRAGAXE NO PORTO E O DEPÓSITO NA PRAIA DA BASTEIRA (EXPDTE 2024/X006/000110)**

Presenta a moción José M. Alonso, e transcríbese a continuación:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado 7 de outubro comezaban as obras de dragaxe no porto que promove a Xunta de Galicia. Falamos dun proxecto plurianual a 4 anos, cun volumen total estimado de dragaxe de 75.531 metros cúbicos. As obras deste primeiro ano, consisten na extracción de 28.071 metros cúbicos de area, dos cales máis de 19.500 son na zona portuaria e 8.517 pertencen á rampla de varada. Os sedimentos da zona portuaria depositanse no mar, a unhas 7 millas do porto, pero os procedentes da rampla de varada utilízanse para a “rexeneración de area” na praia da Basteira. No segundo e terceiro ano, o depósito dos sedimentos terán lugar no mar, pero no cuarto ano está previsto outro depósito de “rexeneración de area”, neste caso na praia da Concha ou da Basteira. Os traballos de traslado, colocación e estendido do sedimento veñen creando unha forte alarma social entre a veciñanza. Ademais de botar area na praia cun forte cheiro e sen cribar (con moitas pedras e refugallos), están afectando ao sistema dunar. Non podemos obviar que a praia da Basteira, como gran parte do territorio do noso concello, forma parte da Rede Natura 2000 como Zona de Especial Protección de Aves (ZEPA) e como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), algo que parece esquecer Portos de Galicia á vista do que está a ocorrer. Na prensa, Portos de Galicia manifesta que conta con todas as autorizacións necesarias para a realización dos traballos e que os resultados dos últimos estudos avalan a calidade da area extraída. Dende a Agrupación Socialista de Cariño solicitamos ao Concello que nos envíe a documentación da que dispón. Tamén descargamos o proxecto dende a plataforma de contratación de Portos de Galicia. Debido á importancia do proxecto e á contestación veciñal ao mesmo, a documentación (plan de vixilancia ambiental, informes, permisos, proxectos, análises, etc...) debe estar accesible para consulta de toda a veciñanza. Revisando a documentación que temos, vemos que existen informes favorables aos traballos, pero poñen condicións á execución dos mesmos. Tamén vemos diversidade de criterios entre as diferentes administracións, entre outras, sobre a necesidade da realización dun estudo de impacto ambiental, sobre a afección aos hábitats dunares nas praias ou sobre a aplicación ao proxecto do concepto de anomalía xeoquímica.



*Por todo exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Cariño, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*- A convocatoria dunha reunión da Xunta de Portavoces do Concello, coa asistencia de persoal técnico de Portos de Galicia e da Demarcación de Costas.*

*- Solicitar a Portos de Galicia, administración promotora das obras:*

*- Que a cidadanía teña acceso a toda a documentación relativa ao proxecto. –*

*A suspensión definitiva dos traballos de depósito de area na praia da Basteira.*

*- A valoración dos danos causados polos traballos na praia e no sistema dunar e a análise do material depositado na mesma.*

*- A modificación do proxecto, depositando os sedimentos previstos na dragaxe no ano 4 no mar, e non nas praias da Concha ou A Basteira.*

*- A realización dun estudo de impacto ambiental para os traballos de dragaxe, tendo en conta que a maior parte teñen lugar en espazos da Rede Natura.*

José M. Alonso comenta que o grupo municipal do BNG que tamén presentou unha moción sobre a dragaxe, e propón que se debata con un texto único, xa que son bastante similares.

A Secretaría comenta que é mellor que se debatan e voten individualmente xa que resulta máis sinxelo.

Unha vez lida a moción polo portavoz do grupo socialista, toma a palabra a Alcaldesa para explicar que durante este tempo o Concello tivo os informes do proxecto a disposición da cidadanía, e tamén se lles pasou aos grupos municipais e son favorables. Engade que se fixo un estudo durante tres anos das condicións da area. Que se trata de unha obra demandada polos usuarios do porto. Que unha parte da area que se levou da rampa da Basteira, que se analizou, determinándose que é a mesma area que hai na propia praia. Que se trata de unha maneira de protexer a zona, xa que se non se para esa area vaise estendendo cara o monte. Que se creou unha alarma social, e que hai que ter coidado co que se traslada de cara ao exterior a través das redes sociais, xa que se trasladou que Cariño era un sitio contaminado e que a auga non era apta



**CONCELLO  
DE CARIÑO**



para o consumo, e que iso crea unha imaxe mala. Engade que o BNG paralizou as obras pero que as analíticas resultaron correctas.

Explica que o proxecto se elaborou polo Estado, por unha Comisión de Medio Ambiente, onde se estudou todo perfectamente, e que se non se cumprira coa legalidade, eles mesmos que o paraban. Que dende o primeiro momento o equipo de goberno estivo pendente, que cando a area se trasladou por toda a estrada, que avisaron a Portos de que iso non podía ser así, e que ao día seguinte xa pararon e a partir de ahí actuaron de outra forma. Cre que é bo para Cariño que se faga o dragado, e que a area cheiraba xa que procedía do mar con microalgas pero iso son significa que estea contaminada. Insiste en que hai que ter prudencia con todo isto, que todo se falaba nas redes sociais pero que non houbo nin unha soa persoa que pedira información ao Concello, e que no Concello sempre se atende a todo o mundo. E que a xente ten que ser responsable do que se quere transmitir de cara ao exterior, que ela é a primeira que quere que se manteña o medio natural, pero tamén quere que se poida traballar.

Pablo Fraguela comenta que non se está a tocar a orixe do tema, que se trata de unha dragaxe que beneficia un modelo de porto industrial que non lle reporta nada ao Concello.

A Alcaldesa di que o Concello ten que cambiar algunhas normativas, e o que non pode ser é que non entre ningún ingreso no Concello para facer melloras.

Pablo Fraguela di que o Conselleiro do Mar que veu a Cariño e que comentou que ía investir 600.000 euros na dragaxe, e pregunta a quen beneficia esa dragaxe, se á xente do pobo.

Ana M<sup>a</sup> López dille que tamén beneficia aos camións da mina, e que hai que pensar para onde queren levar a Cariño. Por un exemplo, aas fábricas que non se quixeron cambiar de ubicación e que houbo que pechalas, porque quedaban no medio do pobo, pero que non se mirou de cambialas.

Pablo Fraguela comenta que el non dixo iso en ningún momento, di que o porto de Galicia autonómico que máis volume de mercadorías move que é Cariño, e que a Xunta de Galicia está a cobrar un imposto por todo ese movemento.

Ana M<sup>a</sup> López di que deberían ter cambiado a normativa para que os recursos ingresen no Concello.

Pablo Fraguela di que toda actividade ten un impacto, que non hai nada inocuo e pregunta se iso é o que queren para Cariño.

A Alcaldesa di que tamén se fixeron depósitos de areas co BNG e PSOE.

José M. Alonso négao, di que o que se facía outros anos, era que en maio se levaba a area cara alí, e co nordeste quedaba fixada alí, e que sempre se limpaban os alcantarillados.



**CONCELLO  
DE CARIÑO**



Que este ano é diferente, que se leva a area no medio do inverno e xusto despois de limpar os alcantarillados, que é un despropósito.

Comenta que a Alcaldesa dixo varias incorreccións, que eles pediron documentación ao Concello, e que no ano 2024 calquera persoa colle o teléfono e mira todos os proxectos que ten a Xunta de Galicia, que non fai falta ir ao Concello.

A continuación repasa os informes da Xunta de Galicia, e o prego de prescricións técnicas do proxecto.

Engade que el viu pasar para a praia, varias veces, un volquete cheo de pedras e tiralas alí, e aos poucos días que viu ao mesmo volquete sacar esas pedras. Pregunta se esas pedras saíron da rampa.

A Alcaldesa resposta que si, xa que romperon.

José M. Alonso di que alguén tiña que vixiar iso. Que sobre o tema de dar mala imaxe car fóra, que el ten un rapaz de quince anos, e que se o seu fillo fai algo diante de el que o corrixe diante da xente. Que falaba Pablo que os ingresos quedaban para unha empresa, e que a Alcaldesa dicía que había que pedirle que quedasen máis cartos de actividade do peirao no Concello. Explica que os veciños pagan de IBI un 0,45, que Portos ten 10 hectáreas no municipio e que paga o mesmo IBI, e que hai un IBI de actividades industriais moi superior, pero que Portos di que non se trata dun porto de actividade industrial. Engade que se debería de cobrar o triple dese IBI, que el, cando foi Alcalde, solicitou no Catastro cambio da calificación do solo, e que o Catastro fixo piña coa Xunta de Galicia, dicindo que non se podía cambiar ese IBI porque era un porto pesqueiro. Que aos catro días, a conselleira de Pesca, Rosa Quintana, que citaba ao porto de Cariño no Parlamento de Galicia como un porto industrial. Comenta que ese tema que habería que levalo ao xulgado naquel momento, e que el asume a responsabilidade de non facelo.

O Pleno corporativo, por cinco votos favorables dos grupos municipais do PSdeGa e BNG, e tres votos en contra do grupo municipal do Partido Popular, **ACORDA:**

- A convocatoria dunha reunión da Xunta de Portavoces do Concello, coa asistencia de persoal técnico de Portos de Galicia e da Demarcación de Costas.

- Solicitar a Portos de Galicia, administración promotora das obras:

- Que a cidadanía teña acceso a toda a documentación relativa ao proxecto.

A suspensión definitiva dos traballos de depósito de area na praia da Basteira.



**CONCELLO  
DE CARIÑO**



- A valoración dos danos causados polos traballos na praia e no sistema dunar e a análise do material depositado na mesma.

- A modificación do proxecto, depositando os sedimentos previstos na dragaxe no ano 4 no mar, e non nas praias da Concha ou A Basteira.

- A realización dun estudo de impacto ambiental para os traballos de dragaxe, tendo en conta que a maior parte teñen lugar en espazos da Rede Natura.

**3.4.- MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DATA 25/11/2024 (REXISTRO 868/2024): A DRAGAXE DA RAMPLA DO PORTO DE CARIÑO (EXPDTE 2024/X006/000111)**

Carlos Castro presenta a moción:

*Exposición de motivos*

*Tras semanas de intranquilidade pola situación dos verquidos de material extraído da dragaxe da rampla do porto na praia da Basteira, cremos necesario unha declaración institucional que saia do Concello de Cariño pedindo a paralización dos traballos e a restauración ao estado anterior do areal e da súa contorna. Quen ten intereses nunha dragaxe destas dimensións? Entendemos que o beneficiado nesta actuación é Portos de Galicia para seguir podendo facer negocio cos movementos de cargueiros. Seguimos esperando desde hai anos unha solución para evitar que o pó de dunita chegue ata as nosas casas, estamos esperando a reversión dos inmobles que non teñen uso portuario e polo que seguimos pagando o seu imposto revolucionario, pero antes de facer todo isto dedícanse a dragar o porto para ter mellor calado para os mercantes e tiran area de dudosa calidade mesturada con refugallos de ferros e outros materiais no noso areal. O último informe que se nos fixo chegar pola corporación municipal emitido pola Dirección Xeral da Costa e do Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico só comenta que analizado o contido do informe aportado por Portos de Galicia e titulado “control de calidade de sedimentos aportados na praia da Basteira”, no que a Dirección Xeral corrobora a adecuación do material recolocado na dita praia procedente da rampla do porto de Cariño, polo que levanta a suspensión cautelar de dita actividade de rexeneración de praias. Non temos máis explicación que esa para os cheiros do material recolocado, tampouco o motivo polo que se observaban refugallos metálicos dentro dese material. Son motivos máis*



**CONCELLO  
DE CARIÑO**



*que suficientes para dudar que as actuacións levabas a cabo por Portos de Galicia non tiñan os controis suficientes para evitar tal atentado á contorna da nosa praia. Esas dúbidas non desaparecen ao ler este último documento do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.*

*Lendo os informes previos ao permiso destas actuacións, atopámonos cunha prescripción particular nun informe do Ministerio que di "... a necesidade de evitar calquera tipo de verquido e de proceder a unha xestión dos residuos dacordo coa natureza e características dos mesmos...". Aquí vemos unha contradición entre o que pasou antes da paralización cautelar e o que o Ministerio esixía a Portos que a súa vez tería que esixir á empresa adxudicataria. Por estes motivos o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno:*

- 1- Unha declaración institucional pedindo a paralización do depósito de area na praia da Basteira, a repoñer a praia e as dunas ao seu estado anterior e a realizar un estudo de impacto ambiental esixente e unha caracterización dos áridos antes de decidir o seu novo destino en calquera outro lugar da ría de Ortigueira.*
- 2- 2- Trasladar este acordo plenario a Portos de Galicia e ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.*

Carlos Castro explica que eles dende o primeiro momento que mandaron un texto similar a unha Comisión do Parlamento de Galicia foi porque enfocaban a culpa principal de todo isto en Portos de Galicia. Engade que unha Administración pública saca a concurso un traballo e que despois a empresa pode facelo ben ou mal, pero que resulta necesario estar vixiante, e que o informe que achegan despois que aproveita para mostrar os erros da empresa e intentar subsanalos. Que eles o principal erro que detectaron foi que non existiu unha vixilancia suficiente por parte da empresa.

Ana M<sup>a</sup> López di que eles trasladaron a problemática a Portos e que incluso enviaron videos, que agora que o seu equipo está máis atento e que se aprecian que se algo non se está a facer de forma correcta, que darán parte, aunque sexa un domingo.



Carlos Castro comenta que se o escrito do BNG non chegara ao Parlamento que ten a impresión que os refugallos estarían no mesmo sitio.

A alcaldesa insiste en que non, en que eles mesmos o denunciarían, que ela non se quedaría parada, xa que existe un respecto ao pobo e aos veciños. Di que lle preocupa que se poñan en dúbida moitas cousas a través das redes sociais, que son transparentes e que necesitan que a xente vexa que as cousas se fan ben

Carlos Castro cre que certos estamentos soamente se moven cando saen en prensa, insiste en que hai que estar máis vixiantes coas empresas, e piden que non se faga demagogia co traballo, que hai que equilibrar o traballo co mantemento do patrimonio natural, que por aí existen patrimonios moi ben coidados e que iso tamén xera riqueza. E que tamén hai que comezar a tratar o tema da recalificación dos portos, e tratar de coller forza entre os tres partidos políticos.

O Pleno corporativo, por cinco votos favorables dos grupos municipais do PSdeGa e BNG, e tres votos en contra do grupo municipal do Partido Popular, **ACORDA:**

- 1- Unha declaración institucional pedindo a paralización do depósito de area na praia da Basteira, a repoñer a praia e as dunas ao seu estado anterior e a realizar un estudo de impacto ambiental esixente e unha caracterización dos áridos antes de decidir o seu novo destino en calquera outro lugar da ría de Ortigueira.
- 2- 2- Trasladar este acordo plenario a Portos de Galicia e ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

**3.5.- MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN DATA 24/11/2024 (REXISTRO 867/2024): TERREOS DE POSTOS DE GALICIA SEN USO PORTUARIO (EXPDTE 2024/X006/000110)**

Le a moción José M. Alonso:

*A Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, é o marco xurídico que define a protección e a utilización do dominio público marítimo-terrestre e especialmente a ribeira do mar. O artigo 49 define a adscrición de bens de dominio público*



marítimo-terrestre ás Comunidades Autónomas para a construción de portos. No artigo 50 determínase o que acontece cando o espazo adscrito xa non é utilizado para un fin portuario, como acontece no caso de Cariño. Os bens de dominio público marítimo-terrestre adscritos a unha Comunidade Autónoma conforme ao previsto no anterior artigo, que non sexan utilizados para o cumprimento do fin aos que se adscribiran, ou que sexan necesarios para a actividade económica ou o interese xeral, segundo os artigos 131 e 149 da Constitución, reverterán ao Estado, previa audiencia da Comunidade Autónoma, polo procedemento que se determine regulamentariamente, e daráselles o destino que en cada caso resulte procedente. A Lei 22/1988 no seu artigo 18 establece que poderán ser desafectos os terreos deslindados como dominio público que por calquera causa perderan as súas características naturais de praia, acantilado ou zona marítimo terrestre previo informe preceptivo do Concello e da Comunidade Autónoma. No artigo 19 establécese que os terreos desafectos incorporaranse ao Patrimonio do Estado e, cando non se xulgue previsible a súa afectación, poderán ser cedidos gratuitamente ao Concello, condicionándose a cesión a que teñan unha finalidade de servizo público dentro das competencias municipais. Isto é, a Lei de Costas obriga á Xunta de Galicia a devolver ao Estado os espazos portuarios que xa non están en uso, podendo ser cedidos con posterioridade aos Concellos unha vez desafectados, cesión que terá carácter gratuito segundo a lei. Tras diversas reunións entre Concello de Cariño, Portos de Galicia e a Demarcación de Costas, con data 13 de decembro de 2018 o Concello de Cariño solicita a declaración de innecesiedade para o DPMT de determinados terreos adscritos ao ente autonómico Portos de Galicia para servizo do Porto de Cariño. Así mesmo, a súa posterior reversión ao Estado, desafectación e cesión á administración local.

Fundamenta a solicitude de innecesiedade dos devanditos terreos entre outros aspectos en: a) Os terreos afectados atópanse totalmente integrados na trama urbana e inclúen numerosos edificios e espazos de uso público cotián -non portuariopolos que a administración local debe desembolsar periodicamente a Portos de Galicia unha elevadísima suma económica polo seu uso veciñal. b) Todas e cada unha das áreas citadas (prazas, zonas verdes, antigas fábricas cedidas ao Concello,...) deben ser conservadas pola administración local, entidade que por tanto non só paga taxas por uso senón que ademais sufraga tales gastos de mantemento. c) Existe incumprimento de artigo 105.2.b do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, ao existir unha ocupación para usos non portuarios en máis do 10 % da superficie de terra do Porto de Cariño. En setembro do ano 2021 a Federación Galega de Municipios



**CONCELLO  
DE CARIÑO**



*e Provincias (FEGAMP) chegou a un acordo con Portos de Galicia e a Xunta de Galicia para resolver esta situación, co obxectivo final de que os Concellos reciban de forma gratuíta os espazos portuarios en desuso tal e como permite a Lei de Costas. Portos de Galicia marcou o 15 de outubro de 2021 como data límite para que os Concellos presentasen as súas solicitudes e o Concello de Cariño fixo os trámites en tempo e forma. Por Resolución da Dirección Xeral da Costa e o Mar de data 27 de abril de 2023 autorízase á Demarcación de Costas de Galicia para que leve a cabo a incoación do expediente de declaración de innecesiedade para a protección do dominio público de terreos adscritos a Portos de Galicia, afectados polos deslindes aprobados por OO:MM: do 9 de novembro de 1971 e 3 de xuño de 1994, no termo municipal de Cariño (A Coruña). O 30 de novembro de 2023 o Pleno Municipal aproba por unanimidade:*

*PRIMEIRO: Solicitar a declaración de innecesiedade dos terreos especificados no informe técnico de data 22/05/2023, para a posterior reversión, desafectación e cesión a favor do Concello de Cariño a efectos de aplicación do previsto nos artigos 4.5 e 18 da Lei 22/1988 de Costas, Disposición Adicional Terceira da Lei 2/2013 de modificación da Lei 22/1988, así como os artigos 27.1ª e 38 do Regulamento Xeral de Costas e Lei 33/2003, ao respecto da declaración de innecesiedade*

*SEGUNDO: Acordar que de producirse a desafectación e cesión dos terreos ao Concello de Cariño, estes se adicarán ao uso público e gratuíta.*

*TERCEIRO: Aceptar e tomar coñecemento da situación rexistral das parcelas/inmóbles afectados obxecto de desafectación, aos efectos establecidos no artigo 136.2 da Lei 33/2003.*

*Por todo exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Cariño, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS: Unha vez iniciado o expediente por parte da Demarcación de Costas e aprobado por parte do Pleno Municipal:*

*- Instar a Portos de Galicia e á Xunta de Galicia a que cumpran coa maior celeridade posible os acordos tomados coa Federación Galega de Municipios e Provincias en setembro de 2021, e faciliten a tramitación da declaración de innecesiedade solicitada polo Concello de Cariño.*



- Solicitar a Portos de Galicia a modificación da Lei 6/2017 de Portos de Galicia e exima do pago de taxas aos concellos galegos pola utilización de espazos portuarios -especialmente en aqueles en desuso- cando as concesións ou actividades temporais dos Concellos teñan un evidente interese público.

A Alcaldesa di que o seu grupo está a favor da moción, e que eles xa o faláron varias veces con Portos. Di que en Galicia isto lle pasa a dous portos que teñen estas circunstancias.

Toma a palabra José M Alonso, e di que el promoveu ese acordo cando estaba na Fegamp e que lle pasaron a nota a todos os Concellos das costa con esas circunstancias, que non son soamente dous como di a Alcaldesa, senón que hai moitísimos, cita entre outros, Ribeira, Baiona, Viveiro, Rianxo... Engade que tramitou el toda a documentación no seu momento e que Cariño era dos portos máis afectados.

Ana López di que eles trasladan isto pero que teñen que artellar algo para que esta situación cambie.

José M. Alonso di explica que en Cariño está a nave de Fanego, con unhas determinadas características, que está no cruce central do pobo, e que non se lle pode pedir a un veciño que teña o seu terreo ben, cando no medio do pobo unha Administración como Portos ten moitos metros cadrados ruinosos.

Ana M<sup>a</sup> López di que son terreos que non se están a utilizar portuariamente.

José M. Alonso dille que se está a incumprir a lei, e que ás veces moitas cousas non saen adiante porque non se vai ao xulgado, e neste caso o Estado quere ceder eses terreos.

Carlos Castro comenta que fai dez anos se iniciou todo este proceso falando coa Demarcación de Costas.



José M. Alonso explica que anteriormente hai catro ou cinco solicitudes con Armada e Puri.

Carlos Castro di que se trata dun proceso que se está dilatando no tempo porque Portos non ten presa.

O pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros

#### **ACORDA:**

- Instar a Portos de Galicia e á Xunta de Galicia a que cumpran coa maior celeridade posible os acordos tomados coa Federación Galega de Municipios e Provincias en setembro de 2021, e faciliten a tramitación da declaración de innecesiedade solicitada polo Concello de Cariño.

- Solicitar a Portos de Galicia a modificación da Lei 6/2017 de Portos de Galicia e exima do pago de taxas aos concellos galegos pola utilización de espazos portuarios -especialmente en aqueles en desuso- cando as concesións ou actividades temporais dos Concellos teñan un evidente interese público.

#### **4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA COMO CONCELEIRA DE CARMEN DEL RIO FRAGUELA (EXPTE 2024/X006/000103)**

Visto o escrito presentado en data 16/10/2024 pola concelleira Carmen del Río Fraguela, renunciando á súa condición de concelleira do Concello de Cariño, cargo que exerce na actualidade e do que tomou posesión na sesión constitutiva da Corporación de data 17/06/2023 ao ser proclamada electa coa candidatura presentada polo Partido Socialista de Galicia, na que ocupaba o posto número un (3), e de conformidade co previsto na lexislación electoral e de réxime local, así como na Instrucción da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais, de 10 de xullo de 2003.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros,

#### **ACORDA:**



**PRIMEIRO: Tomar coñecemento**, para a súa efectividade, da renuncia formulada por Carmen del Río Fraguela en data 16/10/2024 á súa condición de concelleira do Concello de Cariño e a todos os demais cargos que exerce, derivados desta condición.

**SEGUNDO:** Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central para que expida a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato seguinte.

#### **5º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Carlos Castro realiza os seguintes ROGOS: insiste en que se busque un método de transmisión dos plenos que chegue ao maior número de persoas posibles e a contratación dunha persoa normalizadora para mellorar a situación da lingua galega no Concello, a través da subvención da Deputación.

A continuación formula as seguintes PREGUNTAS:

- 1.- Pregunta se se aprobou inicialmente o Pepri, e a Alcaldesa resposta que non.
- 2.- Pregunta polo alumeado da Laguna, xa que fai dous meses se dixo que se ía seccionar esa zona en tres partes. A alcaldesa di que de momento non se executou nada pero que se vai a facer.
- 3.- Pregunta polo requirimento que se fixo á empresa contratista, respecto ao alumeado do campo de fútbol.

Laura García comenta que a empresa ten depositado un aval de arredor de 4000 euros, pero que eses cartos non chegan para facer a substitución da metade dos proxectores, e que se está intentando falar coa empresa adjudicataria para buscar unha solución e así evitar ir ao xulgado.



Carlos Castro comenta a posibilidade de que se faga unha xunta de portavoces para analizar a posibilidade de cambiar o céspede do campo de fútbol, debido á súa situación.

4.- Pregunta pola entrevista da Alcaldesa co Presidente da Deputación, e se baralla outra opción de financiamento para o arranxo da cuberta do pavillón municipal.

A Alcaldesa dille que teñen un compromiso coa Xunta de Galicia para o vindeiro ano para facer un proxecto e incluír varias cousas, como cambiar a pista, a cuberta, etc...

5.- Carlos Castro ROGA que se pinte a rúa San Xiao.

6.- Pregunta se faloron con Costas polo tema dos refugallos de Mar Cultura, e a Ana Mª López resposta que aínda non faloron con Costas.

7.- Comenta que o pasado 05 de abril que se aprobou unha moción do obispado para a retirada de placas franquistas, pregunta se se fixo a xestión.

A Alcaldesa comenta que xa falou co obispado e que se vai a facer.

8.-Comenta que viron nos Decretos de Alcaldía unha reclamación de taxas por actividades culturais e deportivas, indicando que as reclamacións chegan fóra de prazo. Pide que se aclare este tema.

Laura comenta que foron desestimadas as dúas reclamacións presentadas, e que se publicou o calendario con todas as actividades.

Carlos Castro di se é posible, nas solicitudes clarificar o inicio das actividades para que as familias teñan máis tempo a decidir.

Laura García dille que se unha persoa se apunta a dez actividades, que hai un noventa e cinco por cen que algunhas destas actividades coincidan entre si, quitándolle tamén a praza a outra persoa.

Carlos Castro solicita que exista unha período máis amplo entre o período de inscrición e a publicación dos horarios e o inicio das actividades, para que non pasen estas cousas.

9.- Pide que as traballadoras do SAF que teñen xornada parcial que pasen a xornada completa, e que non entende cal é o motivo polo que non teñen xornada completa. Piden que se resolva o contrato coa empresa, e que o Concello está desvalido por non ter un concurso aberto.



A Alcaldesa dille que hai que botar man da empresa debido ás baixas existentes, que se trata de un traballo duro pero que existen moitas baixas laborais, case un 50 % de baixas.

Carlos Castro di que sempre estiveron falando das baixas pero pregunta se non ven mellor incrementar a xornada a esas traballadoras, e ter a plantilla completa ao cen por cen.

Ana M<sup>a</sup> López dille que van a ter carga de traballo igualmente, e que necesariamente hai que acudir á empresa.

Carlos Castro di que a plantilla que non é suficiente entón.

A Alcaldesa comenta que teñen un orzamento e hai que metelo nese gasto, e que ao final todos os veciños pagan á empresa, e que se trata de un tema que hai que valorar ben.

Carlos Castro comenta que ao mellor a empresa ten que existir, pero debería de ser máis unha alternativa que a solución, que se debería intentar incrementar a plantilla municipal.

Laura García comenta que non se pode manter unha plantilla de tantas traballadoras por temas de orzamento, que se trata de un sistema moi complexo, e que o que se está intentando é polo menos ter as facturas ao día e ter mellor servizo.

Carlos Castro insiste en que sería un avance ter a todas as traballadoras a xornada completa.

Ana M<sup>a</sup> López dille que iso conleva unha negociación.

10.- Carlos Castro di que faláron con algún sindicato e que comentaron que o tema da multa á Alcaldesa ía ser inminente por incumprimento da obriga de facer a RPT.

Ana M<sup>a</sup> López comenta que fixeron varias reunións informais e que despois convocaron mesa para poñer en común a súa postura. Que ela tiña posta unha data na axenda para facer outra mesa en decembro, pero que todos dixeron que non o transmitira.

Carlos Castro comenta que pediu seis meses para estudar a RPT e que xa pasaron-

Ana M<sup>a</sup> López explica que tiveron en agosto unha reunión cos representantes sindicais do Concello, a nivel informal, e que lle propuxeron unhas cambios, e que agora está mirando o tema.

A continuación José M. Alonso Pumar formula os seguintes ROGOS E PREGUNTAS:



En primeiro lugar, da as gracias á concelleira Carmen Fraguela, que deixou a Corporación, ao seu pesar, debido a que a vida laboral a levou a traballar a Cataluña. Agradécelle a súa labor, e que sempre estivo ahí para colaborar.

1.- Comenta o tema do céspede do campo de fútbol. Di que eles xa fixeran unha primeira estimación de canto custaría cambiar o céspede, que trouxeron a unhos técnicos no seu día e que se falaba de cambiar o céspede, asfaltar o estacionamento e facer unhos vestiarios pequenos para rapazas de infantil xa que os equipos son mixto.

2.- Que con respecto ao tema da devolución de taxas por actividades, que a eles lles chegou o comentario de que non se fixeron as devolucións, que se fixo mal o procedemento. Que con respecto ao que di Laura de que cando a xente pide actividades que se solapan, pregunta se cando se ofertan ditas actividades se non se establece día e horario.

Laura García resposta que hai un calendario cos horarios e actividades como se fixo sempre.

Pregunta Alonso Pumar se a xente as pedía igual. Laura García resposta que os horarios se publicaron e as actividades tamén, pero que poden estar suxeitas a cambios.

3.- Comenta que o tema do SAF é complexo, que hai que sentarse para estudar o tema, ver datos, que son cousas que hai que falar con tranquilidade. Di que a xornada se pode incrementar ao cen por cen, pero que se trata de unha negociación do equipo de goberno, pero primeiro tiñan que estar consolidadas as persoas. Insiste en que é un servizo tan necesario como complexo, e que os Concellos están a pagar o que non lles corresponde, xa que se trata de unha competencia da Xunta de Galicia.

4.- Comenta que na Miranda está a escalada do Cravadoiro, que lles din dende a Federación que sería bo colocar os carteis e limpiar as vías de acceso á escalada. Roga que se fagan estes traballos.

5.- Di que houbo unha subvención para a promoción da lingua e que se falaba de un mural con un texto en galego, pregunta polo tema.

Laura comenta que se mural vai a estar ubicado no muro do Punto de Atención á Infancia.



Jonathan Miranda comenta que alí hai un problema, que a auga que baixa pola rampa escorre toda a parede, e que resulta necesario buscar un sistema para recoller a auga.

6.- Pregunta se as inscricións dos campamentos se realizan a través da empresa concesionaria.

Laura García resposta afirmativamente, que este ano se vai a facer así. Comenta que os servizos sociais están saturados, que saben a problemática que hai, e que se pon en mans dunha empresa que funciona ben, e que se trata de facer máis sinxela a inscrición de forma telemática.

José M. Alonso advirte que hai que ter coidado con este tema pola Lei de protección de datos, que están a mirar na web da empresa e que se establece un compromiso do que se inscribe en remitir á empresa determinada documentación, e que se establece un prazo de 24 horas de reserva, dándose por desistida a solicitude transcorrido ese prazo. Que hai un tema de incumprimento de prazos.

Laura García dille que iso se refire ao caso de que haxa un segundo requirimento, pero que revisará o tema.

7.- Comenta que os taxistas solicitan que se pinte a rúa San Xiao.

8.- Pregunta polos trámites do Pepri e Pxom, se se fixo algo ao respecto.

A Alcaldesa comenta que no

9. José M. Alonso di que quedou deserto o procedemento de licitación da rúa Sanchola, e se se modificou o proxecto.

A Alcaldesa resposta que Igor estaba con iso.

10.- Que fai un ano falaron da situación dos médicos en Cariño e que dixeron que o concurso sería en novembro, pregunta se saben algo das prazas.

A Alcaldesa di que ninguén colleu a praza de Cariño.

José M. Alonso dille que se a Xunta de Galicia ve zonas de difícil cobertura, que tiña que aplicar á praza un complemento económico amplo para facela máis atractiva.

11.- Pregunta se se reuniu co presidente da Deputación , e a Alcaldesa resposta que non.



12.- Pregunta polas subvencións nominativas da Deputación.

A Alcaldesa di que a reunión solicitada era para tratar ese tema, que o polideportivo está no outro proxecto pero a casa da cultura sería bo que se fixera.

13.- Comenta que deixaron solicitada unha subvención para establecer un aula mentor. Que veu unha resolución favorable no ano 2023, e que en abril deste ano se publicaba no BOP que se aprobaron en xunta de goberno os prezos públicos para esa aula. Pregunta se está en funcionamento, e que se teña coidado cos prazos de xustificación da subvención.

Laura García di que a persoa que leva a aula mentor que xa está formada e que está todo listo para que funcione, pero que non está aberta á cidadanía aínda. E que o tema da subvención que o tería que mirar.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e dúas horas e dez minutos.

A Alcaldesa  
Asdo:- Ana M<sup>a</sup> Fernández López

A Secretaria  
Asdo. Alejandra Pardo Vázquez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE